



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN
E A ASOCIACIÓN CULTURAL GALLEGA DE FORMACIÓN
PERMANENTE DE ADULTOS (ATEGAL) PARA O
DESENVOLVEMENTO DE ATEGAL LALÍN 2023**

Lalín, a 28 de marzo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín, designado na sesión do Pleno da Corporación do 15 de xuño de 2019 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

E doutra D. Ángel Fagilde Trabada con DNI ***9790**, en calidade de Presidente da Asociación Cultural Gallega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) con CIF G15496607 e domicilio en Rúa Virxe da Cerca, nº 31 – Santiago de Compostela, segundo o disposto no artigo 2 dos seus Estatutos.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

O artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

SEGUNDO.-

O marco competencial municipal, fundaméntase no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, queda redactado como segue: “1.- O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en este artigo.

2.- O municipio exercerá en todo caso competencias propias no termos da lexislación do Estado e das Comunidades, nas seguintes materias ; e) avaliación

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638





e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.... ”

Á súa vez o artigo 27 da LRBRL, segundo a redacción dada pola citada Lei, establece a posibilidade de que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas, poidan delegar entre outras a seguinte competencia: “c) *Prestación de servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención de violencia contra a muller.*”

A Disposición Adicional Cuarta da Lei 5/2014, do 24 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece que “*as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013 continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*”.

TERCEIRO.-

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3, establece como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais:

- *Garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de dependencia.*
- *Previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección.*
- *Promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.*
- *Facilitar a aplicación efectiva nos seus servizos e programas de políticas transversais que incidan na eliminación de todo tipo de discriminación selectiva e exclusión social.*

Garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

- *Sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade e integración na sociedade galega.*





CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

CUARTO.- A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) é unha entidade sen ánimo de lucro, colaboradora da Xunta de Galicia, na que están integradas as Aulas Sénior de Galicia. É unha entidade prestadora de servizos sociais recoñecida e inscrita no rexistro correspondente da Xunta de Galicia co número E- 784 e entidade de acción voluntaria O-867.

QUINTO.- A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) ten entre os seus fins:

- A promoción sociocultural das persoas adultas que desexen perfeccionar a súa formación integral, contribuíndo así á elevación do nivel cultural da sociedade galega.
- Coordinar e desenvolver as funcións das aulas de terceira idade de na Comunidade Autónoma Galega.
- O desenvolvemento de proxectos e programas que axuden a elevar os niveis educativos das persoas maiores.
Estudar e investigar aspectos relacionados coa formación permanente de adultos e problemáticas da terceira idade.
O intercambio de experiencias e actividades encamiñadas á mellora da calidade de vida e benestar das persoas maiores por medio de plans pedagóxicos axeitados para elas.
- Coordinar cos Órganos da Administración Autonómica e outros de carácter nacional e internacional que teñan misións dirixidas a persoas maiores.
- A promoción e desenvolvemento de programas de voluntariado cultural dos maiores así como as actividades que favorezan a participación activa e creativa dos mesmos.
A defensa dos intereses comúns das Aulas da Terceira Idade de Galicia, así como a prestación de servizos de asesoría técnica e pedagóxica dos seus membros.
- E, en xeral, todos aqueles fins e obxectivos que logren mellorar o benestar persoal, a saúde integral e a calidade de vida das persoas maiores a través da súa participación en actividades socioculturais.


SEXTO.- A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) conta con 40 anos de historia, 50 horas semanais de clases e 18 seminarios distintos de media en nove sedes de Galicia: A Coruña, Ferrol, Padrón, Santiago, Vigo, Ourense, Lalín, Vilalba e Monterroso.

O persoal medio de profesorado de ATEGAL ascende a 45 persoas.

Impártense actividades presenciais e permanentes en catro grandes áreas:

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638





CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

- Área cultural: Idiomas, historia da arte e de Galicia, xeografía, historia viva, literatura española e galega, cinema, cultura.
- Área ocupacional: debuxo e pintura ao óleo, pintura en tea, manualidades, música, solfexo, rondalla, teatro, informática, tabletas, smartphones.
- Área da saúde: ioga, pilates, ximnasia de mantemento, taichí, taller de memoria, habilidades sociais, risoterapia, danzaterapia.
- Área de lecer: celebracións de magosto, nadal, entroido, letras galegas, viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, inauguracións e clausuras de curso, participación en encontros e congresos, viaxe anual de fin de curso, actividades coa comunidade, etc

SÉTIMO.-

O Concello de Lalín ten competencias para subscribir convenio coa entidade Asociación Cultural Gallega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) en virtude do artigo 47.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVO.-

O Concello de Lalín, a través da Concellería de Política Social, procurará a coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no noso territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a nosa actuación. As asociacións constitúen un fenómeno solidario e político como tendencia natural das persoas e como instrumento de participación con respecto ao cal os poderes públicos non poden permanecer alleos.

A organización Mundial da saúde (OMS) publicou no ano 2015 con vixencia ata o ano 2030, o informe sobre o envellecemento e saúde. Este informe é o xerme do novo marco conceptual de traballo na *Década do Envellecemento Saudable* focalizado no concepto de capacidade funcional.

Isto supón un concepto máis amplo de saúde, máis alá da ausencia de enfermidade tratando en todo caso a posibilidade de xerar benestar mantendo segundo pasa o tempo o desenvolvemento da capacidade funcional.

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



CONCELLO DE LALÍN
www.lalín.gal

O Concello de Lalín, unha vez garantido o primeiro nivel de intervención mediante a Concellería de Política Social onde sen enmarcan os servizos sociais comunitarios básicos, pretende dar cabida á demanda que poida xurdir no contorno de aqueles/as veciños/as de Lalín maiores de 55/60 anos sen que teñan que desprazarse fóra da localidade coa finalidade de crear un entorno local cun marco de actuación para unha vida activa, saudable e independente obtendo un lugar onde as persoas poidan envellecer dignamente e con calidade de vida.

A Concellería de Política social caracterízase polo desenvolvemento de políticas de carácter integral para as persoas maiores. É por elo que se fai preciso asinar un convenio de colaboración coa Asociación Cultural Gallega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) o que vai a permitir reforzar os servizos sociais municipais mediante unha visión global que permita facilitar o traballo transversal e coordinado no propio municipio pero tamén co tecido asociativo. Isto contribúe a evitar duplicidades e optimizar os recursos municipais.

Ao mesmo tempo dende a Concellería de Política Social estase dando unha resposta ao fenómeno do envellecemento demográfico adaptada ás necesidades da poboación maior de idade, mellorando a capacidade de vida tanto de esta poboación como a do resto da localidade.

Realizaranse iniciativas centradas na acción local, que abordará de maneira integral os aspectos que afectan no día a día as persoas no seus contornos. Todo elo tendo en conta as súas necesidades, opinións e propostas no proceso de análise e mellora da calidade en diversos ámbitos co fin último de promover un envellecemento saudable e activo.

Facilitaranse procesos participativos que favorezan o coñecemento e tamén da responsabilidade cidadanía involucrando as persoas maiores e a outros grupos poboacionais, axentes locais e contribuído a achegar o Goberno municipal á cidadanía.

, por tanto, un compromiso dunha localidade como Lalín coa mellora da calidade de vida da poboación maior de idade e supón unha mellor imaxe de esta localidade que valora e reconece a colaboración dos/das seus/súas veciños e veciñas.

NOVENO.-

O Concello de Lalín pode determinar as bases e criterios da política de integración social e laboral das persoas con discapacidade, promovendo a participación de todos os axentes sociais nas actuacións que se van realizar con dito colectivo.

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



ATEGAL
Asociación Cultural Gallega de
Formación Permanente de Adultos
Aulas Sénior de Galicia
Entidade Colaboradora da Xunta de Galicia





CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

Para a consecución destes obxectivos, o Concello de Lalín, buscará liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñen entre as súas funcións estes mesmos fins e desenvolverá os programas necesarios para a execución dunha axeitada política de integración das persoas con discapacidade. No mesmo senso o Concello de Lalín, a través da Concellería de Política Social, procurará a coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no noso territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a nosa actuación.

Enténdese que queda debidamente acreditado o interese ou finalidade pública da axuda que, en virtude deste Convenio, aporta o Concello de Lalín ao abeiro das Bases 32 a 35 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2023.

Así e atendendo ao interese do obxecto do presente convenio, no Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2023, dotouse a partida 0.231.489.14 cunha subvención nominativa para a Asociación Cultural Gallega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL) e que consta incorporada no Plan Estratéxico de Subvencións (liña 3) de esta entidade aprobado pola Xunta de Goberno Local de 17 de xaneiro de 2023.

Polo exposto en puntos anteriores, e no exercicio das competencias que lles son propias, ambas partes expresan o seu interese en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.


O presente Convenio ten por obxecto a concesión de subvención nominativa para o desenvolvemento, no noso Concello, de ATEGAL LALÍN 2023.

SEGUNDA.- NORMATIVA.

- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de 1995 de Transferencia de Competencias á Comunidade Autónoma Galega.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que regulan os servizos sociais

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638





- comunitarios básicos e o seu financiamento.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto 1639/1996, de 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións.
- Real Decreto 1080/2008, do 30 de xuño, sobre ampliación de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de asociacións: Declaración de utilidade pública das asociacións e aplicación dos beneficios fiscais.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Plan Estratéxico de Subvencións (liña 3) de esta entidade aprobado pola Xunta de Goberno Local de 17 de xaneiro de 2023.
- Bases 32 a 35 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2023.

TERCEIRA.- CONTIDO DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.

- Talleres de Historia da Arte
- Talleres de Estimulación cognitiva
- Pintura e Acuarela
- Inglés
- Uso de smartphones
- NeuronUp, plataforma de estimulación cognitiva online
- Saídas e visitas culturais

CUARTA.- OBRIGAS DE ATEGAL.

- Cumprimento das actividades descritas na cláusula anterior dotando os medios persoais e materiais axeitados de acordo coa normativa laboral e de prevención de riscos laborais e demais normativa de aplicación.
- Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto do convenio.
- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co Concello de Lalín.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concellería de Política Social, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.
- Cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas





no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LALÍN.

- Entrega da cantidade á que fai referencia a cláusula sétima previa xustificación e presentación de documentación por parte da entidade ATEGAL.
- Colaboración do persoal técnico do Concello con ATEGAL no desenvolvemento dos programas en caso de estimarse necesario.
- Cesión de uso gratuíto de espazos municipais para o desenvolvemento das actividades:
 - Historia da arte : os martes en horario de 17.30h a 19.00h.
 - Pintura : os martes de 10.00h a 11.30h.
 - Acuarela : os martes de 11.45h a 13.15h.
 - Manexo de smartphones: os mércores e venres en horario de 10.30h a 12.30h.
 - Estimulación cognitiva: os xoves en horario de 16.00h a 19.00h.
 - Inglés: os venres de 10.00h a 12.00h
- Os gastos de suministros (internet, enerxía eléctrica e auga) que se puideran orixinar pola cesión de uso gratuíto dos espazos.



SEXTA.- NATUREZA.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.


A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan a acción que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que ATEGAL obrígase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas de colaboración, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO.

Serán financiáveis os gastos nos que incorra a entidade entre o 1 de xaneiro de 2023 ata a data máxima de presentación da documentación xustificativa ou, no seu caso, ata o importe máximo reflectido no seguinte parágrafo.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de





CONCELLO DE LALÍN
www.lalín.gal

Lalín aportará no ano 2023 a cantidade de **SEIS MIL EUROS (6.000 €)** do orzamento municipal.

A cantidade a financiar polo Concello de Lalín á que se refire o parágrafo anterior librarase logo de que ATEGAL achegue a seguinte documentación:

1. Memoria das actividades desenvolvidas no marco deste Convenio.
2. Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do seu financiamento.
3. Declaración responsable asinada polo/a Presidente/a da Asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 e no artigo 10 da Lei 9/2007 para obter a condición de beneficiario/a e que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.
4. Certificado expedido polo/a Presidente/a relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.
5. Xustificación do gasto realizado.-

Toda **factura** conterá os requisitos esixidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación:

- Número e, no seu caso, serie.
- A súa data de expedición.
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- Número de identificación fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola de outro Estado membro da Unión Europea, co que realizou a operación o/a obrigado/a a expedir factura.
- Domicilio tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a das operacións.
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva do imposto, o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto de ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído en dito prezo unitario.
- Tipo/s impositivo/s, no seu caso, aplicado/s ás operacións.
- A cota tributaria que, no seu caso, se repercute, deberá consignarse por separado.
- Data na que se efectuaron as operacións que se documentan ou na que, no seu caso, se recibise o pagamento anticipado, sempre que se trate de data distinta á da expedición da factura.
- No suposto de que a operación que se documenta na factura estea



Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638



exenta do imposto, unha referencia ás disposicións correspondentes.

Así mesmo con respecto ás facturas:

✓ Deberán ser orixinais, expedidas pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello. Non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “ documentación presentada neste organismo a efectos de subvención”. Asumirase compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos. A factura deberá vir especificada en moeda local.

✓ Deberá constar unha explicación do gasto. Se o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá ir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.

✓ So se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia.

Para a xustificación de gastos salariais, deben presentarse os seguintes documentos:

- Nóminas de persoal.
- Recibo de liquidación de cotizacións e relación nominal de traballadores/as correspondentes aos seguros sociais dos meses imputados á subvención.
- Modelo 111 relativo ás retencións de IRPF realizadas.

Para probar o pagamento efectivo das nóminas imputadas, a entidade deberá aportar:

- Se o pago se efectúa mediante transferencia bancaria: requírese o xustificante bancario da mesma, na que deberá de identificarse o destinatario, importe e data da mesma, ou ben un certificado bancario no que se detallen os aspectos anteriores, asinado e selado pola entidade bancaria.




No caso de remesas, nas que nos xustificantes de pagamento figuren o total de traballadores/as deberá de presentarse desagregado por cada traballador/a.

En ningún caso é suficiente a achega da orde de pago da transferencia, xa que debe acreditarse o pago efectivo da mesma.

- Se o pago se realiza mediante cheque nominativo a entidade deberá achegar copia do talón nominativo e copia do extracto bancario que acredite o pagamento.

Para probar o pagamento efectivo dos gastos de Seguridade Social, a entidade deberá aportar:

- Recibo de liquidación de cotizacións selado ou mecanizado polo banco ou recibo bancario que acredite o pago á seguridade social por cada un dos meses imputados.





Para probar o pago efectivo dos gastos de IRPF a entidade deberá aportar:

• Modelo 111 de retencións e ingresos a conta IRPF do período de execución do proxecto, debendo figurar todos os trimestres que engloben gastos imputados ao proxecto. A achega de estes documentos debe permitir verificar que a entidade realizou pagos do IRPF en todos os trimestres presentados, podendo acreditálo por algún dos seguintes medios: modelo/s 111 mecanizado/s ou selado/s polo banco ou recibo/s bancario/s que acredite/n o pago do IRPF.

NON se admiten pagos dos gastos realizados en efectivo.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe de **6.000€**. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio por causa imputable a ATEGAL o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

6. Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.

7. Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

A presentación da documentación farase, en todo caso, **antes do 1 de decembro de 2023**.

OITAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

A modificación do convenio requirirá o acordo unánime das partes asinantes.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

As partes poderán acordar a creación dunha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do presente convenio, formada por representantes de cada unha das entidades asinantes.

Dicha Comisión terá competencia, no seu caso, aos efectos de interpretación e control de execución do mesmo.

DÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

Este convenio estará vixente dende a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, as partes asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de vixencia igual ao inicialmente establecido ou a súa extinción. En todo caso a duración non poderá ser superior a catro anos.





CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

UNDÉCIMA.- RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución do presente convenio:

- O acordo unánime das partes asinantes.
- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún/algunha das asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta establecida na normativa en vigor.

DUODÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lalín, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos.

As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

ATEGAL comprométese a cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

CONCELLO DE LALÍN

O Sr. Alcalde
José Crespo Iglesias



Asociación Cultural Galega de Formación
Permanente de Adultos (ATEGAL)

O Sr. Presidente
Ángel Fagilde Trabada



ATEGAL
Asociación Cultural Galega de
Formación Permanente de Adultos
Aulas Sénior de Galicia
Entidade Colaboradora da Xunta de Galicia

Concello de Lalín